

Celga



2

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C2-B-II-23-LF

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, le o seguinte artigo.

Toma as notas que precisas.

Na entrevista oral terás que:

- Resumir o texto.
- Facer un breve relato.
- Conversar sobre o tema.

Inventos que ao mellor non sabías que eran galegos

En Galicia temos moitas persoas inventoras.


Cada ano rexístranse 200 patentes.

Unha patente é un documento oficial no que se di que es o dono ou dona do que inventas.

No que vai deste século levamos máis de 2000 inventos rexistrados en Galicia.

A continuación, veremos algúns dos inventos galegos máis importantes.

A calculadora mecánica



Ramón Silvestre Verea de Aguiar naceu na Estrada.

Foi enxeñeiro, xornalista, escritor e inventor da calculadora mecánica.

Ramón Silvestre recibiu no ano 1878 a medalla de ouro na Exposición Mundial de Inventos.

Ramón Silvestre conseguiu o permiso para poder fabricar e vender nos Estados Unidos a calculadora que el inventou.

A calculadora que inventou Ramón Silvestre pesaba uns 26 quilos. Estaba feita de ferro e aceiro.

A calculadora mecánica podía sumar, restar, multiplicar e facer divisións de ata 9 cifras e en só 20 segundos.

O primeiro modelo de calculadora que realizou Ramón Silvestre está gardado nos depósitos da empresa IBM.

IBM é unha empresa de informática creada en Nova York.

A calculadora de Ramón Silvestre forma parte da colección que comezou o creador da empresa IBM no ano 1930.

O libro electrónico



Sabes quen inventou o primeiro libro electrónico?

Foi Ángela Ruíz Robles, unha mestra de Ferrol.

Os seus alumnos chamábanlle a esta mestra dona Angelita.

Esta mestra creou uns taboleiros dixitais que na súa época parecían dun mundo imaxinario.

O libro electrónico que inventou Ángela Ruíz tiña dúas partes.

A primeira parte estaba dedicada á escritura, ao cálculo e á lectura.

A segunda parte contiña información máis ampla de cada materia, como unha enciclopedia.

Esta información almacenábase en bobinas.

As bobinas son cilindros de distintos materiais.


Todas as partes do libro electrónico formaban un sistema mecánico, ademais tiña un cristal de aumento e sons.

A Ángela Ruíz Robles nunca lle recoñeceron en vida a importancia do seu libro mecánico.

O libro mecánico de Ángela Ruíz Robles podía mellorar o sistema de ensino en España, pero nunca se chegou a introducir nas aulas.

Eran malos tempos para ser muller e inventora.

Os motores de gasóleo



Eduardo Barreiros naceu en Nogueira de Ramuín, na provincia de Ourense.

Dende moi novo comezou a traballar con motores.

A Eduardo Barreiros ocorréuselle converter os motores de gasolina en motores de gasóleo.

O gasóleo era un combustible máis económico.

O éxito foi moi rápido e en pouco tempo creou unha grande empresa.

A empresa que creou é a fábrica Barreiros Diésel.

En Galicia hai moitas persoas capaces de crear cousas con moita facilidade.

Seguro que coñeces inventos galegos como o tobogán inoxidable.

Hai outros inventos galegos como a máquina de pelar castañas, o sistema antirrobo de cable, o abrelatas multiúsos ou un invento para evitar atropelos.

Da maioría das persoas inventoras en Galicia non sabemos o nome, pero crean e lanzan as súas ideas e esperan ter éxito.

Cal será o próximo grande invento galego?

Texto adaptado a partir de diversas fontes

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que a poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Como te chamas? ■ A que te dedicas? ■ De onde es? Fala un pouco sobre a túa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo levas estudando galego? ■ Por que o estudas? ■ Que che gusta facer no tempo libre? Que afeccións tes? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Que che gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopas entre a cultura galega e a túa? 	
2. RESUMO	2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: a persoa candidata ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Fai un resumo do contido do artigo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Cal é o invento galego máis famoso? ■ Que inventou Ramón Silvestre? ■ Quen creou o primeiro libro electrónico? Como é? Que partes ten? ■ Que inventou Eduardo Barreiros? ■ Que outros inventos aparecen no texto que acabas de ler? 	

3. RELATO

3 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador: nesta parte a persoa candidata debe relatar unha anécdota ou unha historia. A persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas e diralle á persoa candidata que faga un **relato en 2 minutos aproximadamente**. Daráselle **1 minuto para pensar** ou organizar o seu relato e indicárselle o tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que a persoa candidata poida ser debidamente avaliada. Se non avanza, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que pasou? Cando? Como? Onde? Con quen? A opción de relato que se lle dá á persoa candidata (A, B, C...) debe manterse tamén na parte de interacción.

- A. Conta con detalle cal ou cales foron os inventos que máis che cambiaron a túa vida.
- B. Conta con detalle algunha anécdota que che pasou a ti ou a algunha persoa coñecida cando che regalaron un teléfono móbil, un ordenador ou un libro electrónico.
- C. Conta o que che pasou a ti ou a algunha persoa coñecida ao ir mercar un libro electrónico, un ordenador, un teléfono móbil ou calquera outro aparello.

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador:

Apartir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa coa persoa candidata.

Hai que ter en conta que NON se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata.

OPCIÓN A

- Que invento cres que hoxe é máis necesario para as persoas? Por que?
- Na túa opinión, a idade pode ser un problema para usar novos aparellos? Por que?
- Pensas que o televisor é moi importante nunha casa? Por que?
- Se tes que escoller entre o televisor e a lavadora, con cal quedas? Por que?
- Cal dos aparellos que tes na casa é tan importante que non podes estar sen el? Por que?
- Que aparello pensas que hai que inventar? Por que?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza entre Galicia e o teu lugar de orixe sobre este tema?

OPCIÓN B

- Cres que os ordenadores, os teléfonos móbiles... son bos regalos? Por que?
- Cal foi o regalo que máis che gustou? E o que menos? Por que?
- Os regalos deben servir para algo ou chega con que sexan bonitos, únicos etc.? Por que?
- Pensas que é bo regalarlle un teléfono móbil a un neno? E un libro electrónico ou unha calculadora? Por que?
- Que regalos che gustan máis, os que xa esperas (polo teu aniversario, por Reis...) ou os que son unha sorpresa, sen ningún motivo? Por que?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza entre Galicia e o teu lugar de orixe sobre este tema?

OPCIÓN C

- Onde debemos mercar os aparellos electrónicos, nas tendas máis pequenas ou nos grandes almacéns? Por que?
- Compraría un ordenador por Internet? E outros aparellos electrónicos? Por que?
- Mercaría algún aparello electrónico de segunda man? Por que?
- Que debemos ter en conta cando compramos un teléfono móbil? O prezo? A marca? As súas características? Por que?
- Cando cambias de teléfono móbil? Cando o necesitas ou cando sae un modelo novo?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza entre Galicia e o teu lugar de orixe sobre este tema?

